Resolución do 30 de Outubro de 2026 da Dirección da Axencia Intecmar, pola que se procede á modificación da clasificación de diferentes zonas de produción de moluscos bivalvos.

O Regulamento (CE) nº 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establece no punto 1 do apartado A do capítulo II, que so se poderán recoller moluscos bivalvos vivos en zonas de produción con localización e límites fixos, clasificados pola autoridade competente, como pertencentes á clase A, B ou C con arranxo ao Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión do 15 de marzo de 2019 polo que se establecen disposicións prácticas uniformes para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, de conformidade co Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2074/2005 da Comisión no que atinxe aos controis oficiais.

Polo tanto é a autoridade competente quen debe determinar a localización e os límites das zonas tanto de produción como de reinstalación que se clasifiquen.

A Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus anexos I e II as zonas de produción resultado dunha profunda revisión.

O artigo 4º da Orde de 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños indica que "*cando os controis establecidos nas zonas de produción demostren unha modificación das condicións que determinaron a súa clasificación, a Dirección do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), mediante resolución, prohibirá a recollida e explotación de moluscos bivalvos, gasterópodos ou equinodermos na zona da que se trate ou procederá ao cambio de clasificación da zona de produción que poderá ser periódico ou temporal, ata que se restablezan as condicións orixinais*".

Para garantir a idoneidade dos produtos extraídos nas diferentes zonas, a Consellería do Mar, a través da Axencia Intecmar, realiza os controis de todas as zonas de produción de acordo cos regulamentos que resulten de aplicación.

Nos resultados dos controis efectuados nas distintas zonas de produción detectouse que hai niveis de *E. coli* que ofrecen resultados diferentes aos que determinaban a clasificación establecida no anexo I da Orde de 19 de xullo de 2010 que modifica a Orde de 8 de setembro de 2006 e modificacións posteriores do dito anexo I (http://www.intecmar.gal/informacion/microbio/Clasificacion.aspx).

En virtude do exposto anteriormente, a Dirección da Axencia Intecmar:

Documento asinado electrónicamente o 30/10/2026 13:56
Asinado por: DARRIBA COUNAGO, SUSANA
Subdirector/a da Axencia Intecmar
CVE: a996e32f-ea04-40cb-ac74-6e5bd59207e1

Axencia Intecmar, Peirao de Vilaxoán s/nº, 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Tel.: 986 51 23 20 / 22, **www.intecmar.gal**

RESOLVE

Proceder ao cambio de clasificación das seguintes zonas de produción que quedarían definida como se indica a continuación:

Clave	Area de produción	Límites da zona	Coordenadas UTM (ED-50)	Clase	Comentario
GAL-10	Zona entre punta Miranda e cabo Home, incluíndo o arquipélago das illas Ons		Moluscos Bivalvos		
GAL-10	GAL-10/04 Parte externa da ría de Aldán	- Zona delimitada pola liña imaxinaria que une pta. Niño do Corvo e pta. Alada, agás a parte interna da ría de Aldán	(514620, 4683030) (512755, 4682990)	A	Estable

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, perante a Presidencia, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Intecmar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 52.3 dos estatutos da Axencia Intecmar (Decreto 74/2026 do 29 de xuño polo que se suprime o Instituto Tecnolóxico para o Control do medio mariño de Galicia, se crea a Axencia Pública Autonómica para o Control do Medio Mariño de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Esta resolución producirá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Intecmar.

Vilaxoán, a 30 de Outubro de 2026

Susana Darriba Couñago
A subdirectora da Axencia Intecmar

Axencia Intecmar, Peirao de Vilaxoán s/nº, 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Tel.: 986 51 23 20 / 22, **www.intecmar.gal**